

# Refuxiado

**2º ESOB. Autor: Jimena Novás Rocha**

**1º Premio: Ouro**

**1º Ciclo de E.S.O.**

**VIII CERTÁMEN LITERARIO "LETRAS DE BABEL"**

**2º ESOB. Autor: Jimena Novás Rocha.**

## **“Refuxiado”**

Ola, chámome Hasan. Son exipcio. Vivo nunha vila afastada, non moi coñecida. Teño nove anos e unha irmá de oito. Ela chámase Asala. Levámonos moi ben. As cousas por aquí están coma sempre. Esperto e espero que a nosa nai veña espertar a Asala. Almorzamos na cociña unha cunca de leite e biscoitos que nos chegan todas as semanas. A verdade, non sei de onde veñen. Mamá dínos que os traen os “anxos brancos”. Refírese ás persoas que veñen á vila unha vez por semana. O de anxos é porque, segundo ela, sen esas persoas moita xente da vila morrería, e o de brancos, pola cor da súa pel. Chegan nuns camións enormes (sempre quixen subir nun deles), reparten menciñas, comida e leite en po. Dúas veces ao mes montan uns postos para atender as persoas enfermas. Trátannos con moito agarimo.

Mamá di que temos moita sorte por ter animais na casa, que así podemos ter leite, queixo e carne de abondo cando queiramos. Tamén temos unha horta pequena con verduras e cereais. A min paréceme máis ben unha parvada, xa que todos os días teño que ir onda as galiñas e botarlles de comer, a elas e mais a Saliha, a nosa vaca, ademais de recoller os ovos. Outra das miñas tarefas é a de ir buscar auga ao pozo dúas ou tres veces por semana.

Asala acompaña a nosa nai ao mercado e o meu pai traballa lonxe de nós. Míroo moi pouco. Non é a primeira vez que atopo a mamá chorando agarrada a un dos uniformes vellos de papá, rezando para que volva a casa. Papá é militar. Non sei moi ben o que é ser militar, pero mamá dime que hai que ser moi valente, coma papá.

Acabo de espertar. Hai dous meses que mamá morreu. Asala vaino superando pouco a pouco. A min non me queda outra que finxir todo o día que non me lembro que miña nai xa non está connosco. Agora a única cousa que me preocupa é manter a Asala con vida, como quería mamá. Xa hai moito tempo que non vexo a papá. Antes era mamá a que nos dicía como ía, pero agora xa non pode. A última vez que estivemos con él foi cando mamá aínda estaba viva, pero xa moi enferma.

Fáltanme algunhas semanas para cumprir os dez anos. A vila está cambiada. Xa non se fai o mercado. Asala ten que ir á vila do lado para poder vender. Hai uns meses chegaron uns camións militares. Agora temos unhas horas para saír da casa e outras nas que está totalmente prohibido. Asala e mais eu durmimos na cama baleira dos nosos pais. Xa non ten ese cheiro a familia que tiña antes. De noite, Asala ten medo ás explosións e decidín deixala durmir comigo. Asala marcha pola mañá para ir vender. Sempre chega case de noite e sen luz. Ao día seguinte, a escena repítese. Todo en calma.

Esta tarde non a vou esquecer na vida. Unha bomba, das que se oen na noite, aquí e agora. O día de hoxe vai quedar para sempre conxelado na miña mente, porque, co final do día esvaeu a única cousa importante que me quedaba. A miña irmá, baixo unha nube de po e unha chuvia de entullo.

Non quedou ninguén na vila. Os anxos brancos leváronnos a un campo de refuxiados. De campo ten pouco. Non hai herba nin animais, só tendas de tea, terra e postos coma os que houbo algunha vez na vila dúas veces ao mes.

Milleiros de persoas. Había miles e miles, confusas. Non chorei polo de Asala no momento en que ocorreu, non tiveron tempo. ¿E agora? Agora xa non teño nada que teña que querer, nada para coidar, nada. E, de súpeto, unha bágoa comezou a esbarar pola miña meixela, coma as pingas de chuvia polo lombo de Saliha e, unha tras doutra, saen e xa non poden aguantalas.

Amañece axiña ou durmin pouco. Estou nunha cama nun dos postos médicos. Atópome ben. Non sei que fago aquí. Xiro a cabeza cara á xanela e decátome de que xa hai movemento fóra, pero reina o silencio.

Atópome ben, pero non só fisicamente; síntome ben aínda despois do que pasou onte. O son dos paxaros reláxame. Levántome, abro a porta e saio. Hai un monte de xente agardando para ser atendida. Isto faime sentir culpable, xa que eu, que estou ben, pasei toda a noite nunha cama cómoda e quente. Alguén me prohíbe dar un paso máis. Un dos anxos, unha muller, dime que a acompañe, e fágoo. Lévame de volta ao posto e mándame que espere alí. A iso da unha da tarde, a mesma muller aparece e lévame a unha estación onde me fai subir a un autobús. Durmo o resto da viaxe aproveitando que os pesadelos xa non me perturban. Ao chegar, sinto a cara fría por levala apoiada todo o tempo na xanela.

É o mar!! Xamais pensei que o vería en persoa. Diríxennos ata unha estrutura de metal que parece aboiar sobre a auga. É un barco, semella imposible. Hai moitos cuartos. Métennos neles de catro en catro. Non coñezo a ninguén.

Pasamos seis días de viaxe nos que só saímos dos chamados camarotes para ir ao baño. A Asala encantaríalle estar aquí, enriba do mar. Decátome de todo o que deixei atrás na vila: os animais, a xente, os meus amigos e a nosa casa, que agora sería só para papá e mais para min. Papá. Papá! Esquecín a papá! El non sabe onde estou e eu non sei onde está el. A cabeza dáme voltas. É a única familia que me queda, non quero afastarme del. Non poden botarme a chorar aquí. Papá non quere iso e eu tampouco.

Pasados oito días chegamos a un novo lugar. Aquí vai frío. Saímos do barco e lévanme ata unha oficina. Sácanme unha foto, preguntanme o nome, de onde son, cantos anos teño e se veño acompañado. Despois de facerme algo chamado pasaporte, abren a porta da sala e pasa unha familia branca. O home chámase Gabriel e a muller Lena.

Ata o día de hoxe son a miña familia.